



**CONCELLO DE FRIOL: ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS DO CONCELLO DE FRIOL**

[BOP de Lugo de 08/10/2020](#)

**LICENZA MUNICIPAL:** para a saca e depósito de madeira, non está previsto o prazo de resolución. Debe facerse constar a seguinte información:

- Identificación da empresa encargada da tala
- Especie de madeira obxecto da tala
- Volume de madeira que se prevé extraer
- Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia, así como identificación catastral da finca ou monte afectado, indicando polígono e parcela
- Datas previstas de inicio e remate dos traballos
- Lugar onde se depositará a madeira á espera da súa carga e vías a empregar.
- Identificación da vía municipal a utilizar: nome e plano coa traza do mesmo
- Copia compulsada do permiso, autorización ou licenza de corta expedido polo órgano competente da Comunidade autónoma
- Copia compulsada do seguro de responsabilidade civil e do último recibo pagado
- Fianza ou aval bancario

O concello emitirá un informe e reportaxe fotográfica para deixar constancia do esta da vía antes de comezar os traballos.

**FIANZA:** en metálico ou aval bancario.

- Volume de corta inferior a 300 m<sup>3</sup>: 750 €
- Volume de corta entre 300 e 1000 m<sup>3</sup>: 2500 €
- Volume de corta entre 1000 e 3000 m<sup>3</sup>: 5000 €
- Volume de corta superior a 3000 m<sup>3</sup>: 7000 €

Rematados os traballos, a interesada comunicará ao Concello esta circunstancia, para que no prazo de 30 días dende a súa solicitude lle sexa devolta a garantía, logo do informe técnico de comprobación do estado do dominio público afectado.

**ENTRADA EN VIGOR:** 09/10/2020.

Esta información está dispoñible na web [www.maderasdegalicia.com](http://www.maderasdegalicia.com)